



Asunto: Notificación de resolución
Data:
Destinatario: Concello de Carballo Praza do Concello s/n 15100 Carballo A Coruña

Clave: DH.W15.72611
Expediente: Autorización de Ciclando Carballo: Mobilidade ciclista e peonil no concello de Carballo tramo 7 denominado: “Senda cicloturística Carballo-Razo”, no concello de Carballo (A Coruña)
Solicitante: Concello de Carballo
Asunto: Resolución

Pola presente, notifícaselle a Resolución da Dirección de Augas de Galicia, que literalmente di:

Antecedentes

1. Con data 11/08/2020 o Concello de Carballo , co NIF: P1501900C , presentou a solicitude de autorización de obras referida no asunto.
2. Con data 07/09/2020 o garda adscrito a este servizo territorial emitiu informe de campo tras visita ó lugar da solicitude.
3. Con data 11/08/2020 solicitouse informe ó Servizo de Conservación da Natureza da xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que se recibiu con data 26/11/2020, no sentido favorable.
4. Con data 20/10/2020 solicitóuselle ó interesado a presentación de documentación adicional, que foi presentada con data 04/11/2020..
5. Non se someteu a solicitude ó trámite de información pública por tratarse de obras de escasa entidade sobre elementos públicos existentes, sen que sexan de prever afeccións relevantes ó dominio público hidráulico derivadas da súa execución.





6. No expediente figura con data 03/12/2020 o informe técnico favorable emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas deste servizo territorial.
7. Con data 04/12/2020, o xefe do Servizo Territorial emite proposta de resolución Favorable.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Competencia para resolver

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, que aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Segundo.- Lexislación aplicable

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que a modifica (LRXPA)
- Texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH)

Terceiro.- Artigos de aplicación específica

- TRLA: artigo 2 (definición de dominio público hidráulico), artigo 6 (zonas de afección nas marxes)
- RDPH: artigo 78 (execución de obras na zona de policía de leitos), artigo 126 (obras dentro ou sobre o dominio público hidráulico)

Na presente petición concorren os supostos de feito e xurídicos contidos nos preceptos regulamentarios xa citados.

De acordo con todo o exposto, a xefatura do Servizo Territorial, PROPÓN:

Autorizar, ao Concello de Carballo, co NIF P1501900C, as obras Ciclando Carballo: Mobilidade ciclista e peonil no concello de Carballo tramo 7 denominado: "Senda cicloturística Carballo-Razo", no concello de Carballo (A Coruña).

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de augas e polo Regulamento do dominio público hidráulico, ademais do cumprimento das seguintes **condicións**:





Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.
Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.





Particulares

1. As obras están situadas entre Carballo e Razo e consisten na execución dunha senda peonil e ciclista dunha lonxitude duns 7.610 metros que discorrerá en toda a súa lonxitude por camiños existentes segundo a cartografía catastral. A senda realizarase mediante cinco solucións construtivas ao longo do trazado:
 - Solución 1. Senda ciclista en vía existente de saburra. Os traballos consistirán en roza da senda e regularización do firme para finalmente estender unha capa de saburra compactada de 10 cm de espesor.
 - Solución 2. Senda ciclista en vía existente de saburra na zona de servidume de río. Aplícase no tramo que a senda discorre paralela ao rego de Oza, en zona de servidume. As actuacións limítanse á limpeza e rasanteo do camiño existente no que se manterá o seu ancho e sen afectar á vexetación de ribeira.
 - Solución 3 e 4. Senda mediante banda de protección ciclista (mediante mestura bituminosa en quente ou saburra) en camiños existentes con $IMD < 2500$ veh/día. Estas solucións non modificarán os anchos dos camiño actuais.
 - Solución 5. Senda mediante sinalización vertical en zonas onde non é posible executar bandas de protección.

Obsérvanse as seguintes afeccións ao dominio público hidráulico e as súas zonas de protección:

- Afección ao rego de Quintela, onde a senda discorre pola súa zona de policía e crúzao nun camiño existente no punto de coordenadas UTM (ETRS 89) $X=523792$ $Y=4788423$. Obsérvase neste punto a existencia dunha obra de drenaxe transversal de $\varnothing 600$ mm que non se modificará coa senda proposta
- Afección a un regato sen denominación, onde a senda discorre pola súa zona de policía e cruzará o rego mediante unha ODT existente no punto de coordenadas UTM (ETRS 89) $X=523899$ $Y=4788823$ que non se modificará coa senda proposta.
- Afección ao rego de Oza, onde a senda discorre pola súa zona de policía e o cruza en dúas ocasións nos puntos de coordenadas UTM (ETRS 89) $X=523883$ $Y=4788845$ e $X=523462$ $Y=4790455$. No tramo final o rego de Oza está catalogado como ARPSI (Área de Risco Potencial Significativo de Inundacións) aínda que a senda proxectada localízase fóra da zona inundable no camiño existente. O primeiro cruzamento realízase mediante unha ODT existente de $\varnothing 600$ mm que non se modificará coa senda proposta. Para o segundo cruzamento que na actualidade non conta non ningunha ODT,





proxéctase a execución dunha ODT de 6 metros de lonxitude mediante tubaxe de formigón de $\varnothing 1800$ mm.

O período de retorno considerado é de $T=100$ anos, polo que se cumpre o artigo 36 do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (período de retorno xustificado en zona rural). Segundo os datos facilitados polo Servizo de Planificación Hidrolóxica o caudal para un $T=100$ é de $9,89 \text{ m}^3/\text{s}$.. Na documentación achegada compróbase que a sección proposta para esta obra de drenaxe ($\varnothing 1800$ mm) tería capacidade para desaugar o dito caudal de cálculo.

Entre o PQ 3550 a 3850, obsérvase que a senda discorrerá de xeito paralelo ao rego de Oza pola zona de servidume onde as actuacións limitaranse a unha limpeza do camiño existente sen modificar o seu ancho e limpeza de maleza sen afectar á vexetación de ribeira. En todo caso a senda estará situada ao menos a 2-3 metros do rego, agás no punto máis próximo á canle onde se sitúa a 1,04 metros, sen que en ningún caso se afecte á vexetación de ribeira.

Entre o PQ 4130 a 4195, obsérvase que a senda discorrerá de xeito paralelo ao rego de Oza pola zona de servidume onde as actuacións limitaranse a unha limpeza do camiño existente sen modificar o seu ancho e limpeza de maleza sen afectar á vexetación de ribeira. En todo caso a senda estará situada ao menos a 2-3 metros do rego, agás no punto máis próximo á canle onde se sitúa a 2,38 metros, sen que en ningún caso se afecte á vexetación de ribeira.

- Afección ao rego Monte Neme, onde a senda discorre pola súa zona de policía e crúzao no punto de coordenadas UTM (ETRS 89) $X=523085$ $Y=4791545$ sen que se afecte coa actuación proxectada a este cruzamento existente. O rego Monte Neme nesta zona está catalogado como zona ARPSI, sen que as obras produzan novas afeccións na zona de fluxo preferente e inundable do río. Na documentación obrante no expediente consta a declaración responsable do promotor das obras exixida segundo o artigo 14 bis (punto terceiro) do R.D. 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
- Afección ao rego de Barcia, onde a senda discorre pola súa zona de policía. O rego de Barcia nesta zona está catalogado como zona ARPSI, aínda que a senda estará situada fóra das zonas inundables desta ARPSI.
- Nos PQ 3810, PQ 4315, PQ 5130 e PQ 5440 obsérvanse cruzamentos de regatos sen denominación que actualmente non contan con ningunha ODT. Nestes puntos executaranse novas obras de drenaxe transversal mediante tubaxes con embocadura e aletas. Aínda que na documentación indícase que serán de $\varnothing 500$, deberase empregar ao menos $\varnothing 600$ mm para evitar futuros atascos (agás xustificación expresa da imposibilidade de adoptar esta sección).





- No contorno do PQ 4770 discorre un regato sen denominación que desemboca no rego de Oza no punto de coordenadas UTM (ETRS 89) X=523462 Y=4790455. As actuacións proxectadas non afectarán a este rego xa que unicamente se afecta ao camiño existente.

- 2. **Non se realizarán** aportes de terras, adaptándose a senda á rasante natural do terreo.

- 3. Non se realizarán actuacións encamiñadas ao “axardinamento” da ribeira do río e da zona de servidume, **debéndose conservar a vexetación de ribeira** existente.

- 4. As especies usadas para cubrir a falta de arborado do río deberán ser autóctonas e presentas na zona.

- 5. Non se cortará vexetación arbórea de ribeira, desviando a senda no caso necesario, por considerarse como axente de consolidación das marxes.

- 6. A senda discurrirá, como mínimo, a 2 metros da canle dos regos afectados.

- 7. Retiraranse as árbores, mortos ou non, caídos sobre a canle ou en risco inminente de caída.

- 8. Retírase lixo e entullos existentes na canle e na súa zona de servidume.

- 9. Recuarase, fóra da zona de servidume (5 metros), todos os peches retirados para a execución da senda.

- 10. En xeral, recoméndase o emprego de tarima de madeira nas zonas baixas e inundables. En todo caso, manteranse os desaugues naturais do terreo cara ao río mediante drenaxes e obras de drenaxes transversais baixo a senda.

- 11. Evítase o uso de materiais contaminantes cerca da canle, tomando as medidas oportunas para evitar calquera contaminación das augas.

- 12. En calquera caso, notificarase a Augas de Galicia o comezo dos traballos, para a súa inspección e seguimento.

- 13. Evítase o toldamento das augas pola realización das actuacións.

- 14. Evítase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira.

- 15. Deixarase en todo caso expedita a franxa de servidume de 5 metros de ancho medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.





16. De xeito especial, prohíbese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.
Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.
Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente.
17. As obras deberán estar rematadas no prazo de **vinte catro (24) meses**, que se contarán a a partir da data da recepción da resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo.
18. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.

A Coruña, o xefe do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

Visto o exposto, a Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, de conformidade co establecido no Artigo 19 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia, eleva á Dirección de Augas de Galicia a proposta de resolución, de data 04/12/2020, relativa á **Autorización** ao Concello de Carballo, co NIF P1501900C.

Santiago de Compostela – o subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico - Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

De conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia, **RESOLVO OUTORGAR** a autorización ao Concello de Carballo, co NIF P1501900C.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante a presidencia de Augas de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para o suposto de ser un suxeito obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas ou de optar por este medio, o recurso deberá ser interposto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) empregando o formulario normalizado dispoñible (IF321D - <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IF321D&ano=2020&numpub=1&lang=gl>).

Santiago de Compostela, a directora de Augas de Galicia –Teresa María Gutiérrez López (Sinatura dixital)

Os datos persoais que puidera conter este documento e/ou documento que se acompaña serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e encóntranse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Praza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela ou mediante o envío dun correo electrónico a lodp.augas@xunta.gal.

